

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 3

SESION EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 7 DE MARZO DE 2018

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
Caride Estévez, María José
Fernández Pérez, José Manuel
Iglesias González, Ana Laura
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Marra Domínguez, M^a Angeles
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Regades Fernández, David
Rivas González, Ángel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Rodríguez Escudero, Cayetano

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois (ausentase ás 12,12 h.)
López Barreiro, Margarida (ausentase ás 12,12 h.)
Pérez Correa, Rubén (ausentase ás 12,12 h.)

NON ASISTEN:

Silva Rego, M^a Carmen (concelleira do grupo municipal Socialista)
Egerique Mosquera, Teresa, (concelleira do grupo municipal do Partido Popular)
Fidalgo Iglesias, Miguel (concelleiro do grupo municipal do Partido Popular)
Figueroa Vila, José M. (concelleiro do grupo municipal do Partido Popular)
Gago Bugarín, Diego José (concelleiro do grupo municipal do Partido Popular)
González Sánchez, Elena (concelleira do grupo municipal do Partido Popular)
Muñoz Fonteriz, Elena (voceira do grupo municipal do Partido Popular)
Piñeiro López, Ángel (concelleiro do grupo municipal do Partido Popular)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás doce horas e oito minutos do

día sete de marzo do ano dous mil dezaoto, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Señoras/es concelleiros, iniciamos Pleno en convocatoria extraordinaria e urxente, Pleno número 3 deste ano, convocado para o día de hoxe as 12,00 horas no salón de Plenos deste Concello, se constata quorum, con dous puntos da orde do día, ábrese sesión pública, un primeiro que é a ratificación da urxencia e un segundo que é propoñer ao Ministerio de Cultura o inicio de accións coa institución Morgan Library & Museum (Nueva York) para acordar o rescate das Cántigas de Martín Códax recollidas no chamado Pergamiño Vindel.

Imos facer o debate dando 10 minutos de tempo de intervención, iniciando o goberno, seguindo os grupos da oposición e rematando o goberno nunha quenda de 5 minutos.

Cumpre primeiro votar a ratificación da urxencia antes de iniciar o Pleno.

1(36).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA

SR. PÉREZ CORREA: Gustaríanos que se substanciara o motivo da urxencia, non sei se é posible que se nos explique cal é a cuestión que motiva a urxencia.

SR. LÓPEZ FONT: A motivación da urxencia é precisamente porque a exposición do

Pergamiño Martín Códax concluíu o luns, nos fomos absolutamente respectuosos coa exposición, con todo o desenvolvemento da exposición e polo tanto non quixemos interferir e é precisamente e será o obxecto da nosa intervención e da nosa exposición en relación con esta proposta que se fai por parte do Alcalde que consideramos que é este o momento no que a cidade, no que este Pleno deber reivindicar, de iniciar o procedemento para recuperar, para que retorne ese pergamiño definitivamente á nosa cidade, e polo tanto cremos que é este o momento de abordar a proposta e debatelo e a continuación expresaémolo con máis detalle precisamente no momento que temos que facer esta proposta e debatela, por iso a urxencia.

SR. PÉREZ CORREA: Nós estamos absolutamente sorprendidos por esta motivación, dende logo esperábase algunha explicación bastante menos peregrina que a que se deron en roldas de prensa, en primeiro lugar, estamos dando por feito que é algo que se lle furtou ou que desapareceu da cidade de Vigo co formato de secuestro, estamos máis por enriba da comunidade científica que non pon claro que fora escrito nin sequera na cidade de Vigo a pesares de que si que se pon certo foco sobre a autoría do seu autor como unha persoa vinculada á cidade. Parécenos absolutamente propio dunha rabieta que podemos entender e podemos entender por non ser invitados a un acto de peche institucional, efectivamente de 5 meses de exposición nos que este Concello estivo ausente polas causas que vostedes, a Xunta de Galicia e a Universidade de Vigo deberían clarexar, a nós non nos parece nin serio nin creio que forme parte do que temos que reivindicar na cultura, na recuperación do patrimonio cultural da nosa cidade e polo tanto nós non entendemos, esperábase que houbera algún tipo de explicación, a que se debe e cal é motivo que consubstancia un Pleno destas características e polo tanto, nos imos a ausentar porque entendemos obviamente que a todo o mundo nos gustaría ter o Vindel aquí, pero creio que hai que ser máis serios en política e sobre todo cando se xoga con recursos públicos e recursos de tódolos cidadáns e polo tanto nós imos ausentarnos deste Pleno porque non entendemos a súa convocatoria.

PRESIDENCIA: Rematadas as intervencións, procedemos a votar a urxencia.

VOTACIÓN DA URXENCIA: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia adóptase o seguinte,

ACORDO:

Ratificar a urxencia desta sesión plenaria.

2(37).- PROPOÑER AO MINISTERIO DE CULTURA O INICIO DE ACCIÓNS COA INSTITUCIÓN MORGAN LIBRARY & MUSEUM (NUEVA YORK) PARA ACORDAR O RESCATE DAS CANTIGAS DE MARTÍN CÓDAX, RECOLLIDAS NO CHAMADO PERGAMIÑO VINDEL. REXISTRO PLENO 1720/1101.

ANTECEDENTES.- Con data 5 de marzo de 2018, a Alcaldía-Presidencia formula a seguinte proposta,

“As Cantigas de Martín Códax, compiladas no coñecido como Pergamiño Vindel, veñen de expoñerse na cidade de Vigo entre os meses de outubro de 2017 e marzo do presente ano, grazas á sensibilidade e xenerosidade da Morgan Library & Museum, agradecida e celebrada por todos os vigueses e as viguesas.

Este pergamiño é unha auténtica xoia da poesía e da música medieval, o único documento coñecido con canción profana da literatura galego-portuguesa medieval. Reúne sete Cantigas escritas polo trovador, seguramente vigués, datadas no século XIII.

Desde o seu descubrimento casual en 1914 a cargo de Pedro Vindel, as Cantigas de Martín Códax recollidas no Pergamiño foron vendidas polo seu descubridor e depositadas en Upsalia (Suecia). Adquiridas despois polo bibliófilo profesional Otto Haas, o manuscrito foi posto á venda en Londres e comprado pola Morgan Library & Museum de Nova York, onde se conserva desde 1977.

Entendemos que unha obra desta magnitude debe retornar á cidade na que foi

ideada e creada polo seu autor. Despois dun século desde a súa aparición, cremos que é o momento de que esta peza única da cultura universal volva onde naceu: a Vigo.

As Cantigas de Martín Códax son un pilar e referencia da cultura e da lingua galegas que, moito antes da súa aparición, xa pertencían á tradición oral do pobo de Vigo e de Galicia. Consideramos que o Goberno de España debe iniciar conversas amistosas coa Morgan Library & Museum para tratar da posibilidade de recuperar para Vigo o pergamiño.

Por todo o dito, o Alcalde Presidente propón ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

ACORDO:

- Instar ao Ministerio de Cultura a que inicie as conversas coa Morgan Library & Museum para recuperar as Cantigas de Martín Códax, recollidas no chamado Pergamiño Vindel, para que sexan adquiridas e restituídas á cidade de Vigo.

- Instar á Xunta de Galicia a que coopere na recuperación dunha peza singular e irreplicable do patrimonio cultural vigués e galego.

- O Concello de Vigo ofrece ao Ministerio de Cultura toda a colaboración necesaria nas súas xestións ante a Morgan Library & Museum.”

A Comisión Informativa de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico, en sesión extraordinaria e urxente do 6.03.2018, ditamina favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: A seriedade en política se mide por ser demócrata e por ser respectuoso, se con a exposición de motivos que se fai na proposta que realiza o Alcalde para este Pleno extraordinario non se entende a urxencia e o contido, é difícil de entender pero cando algúns falan de rabieta o primeiro que teñen que ser é demócratas, e rabieta si que é que cando alguén non lle gusta o tema que se vai tratar, adoptar esa posición antidemocrática que é levantarse dun Pleno como fixo

o grupo de Marea de Vigo e como o Partido Popular que non compareceu, pero este goberno decidido polos cidadáns de forma maioritaria está para outro traballo, para outra cuestión e está para facer valer esta cidade e para que precisamente en feitos tan importantes como é o Pergamiño das Cantigas de Martín Códax, adoptemos aquí unha resolución que estamos convencidos que é unha resolución de cidade, de futuro como se di na nosa exposición de motivos.

As Cantigas de Martín Códax recopiladas no coñecido como Pergamiño Vindel, estiveron expostas na nosa cidade entre os meses de outubro e marzo deste ano e quero enfatizar que isto foi posible gracias á sensibilidade e á xenerosidade da Morgan Library a que nós dende este Pleno queremos facer ese recoñecemento e ese agradecemento, porque evidentemente unha obra tan singular como esta, esa xenerosidade permitiu que a puideran gozar as viguesas/es, tamén os galegos e tamén os españois que se achegaron, poñerse a discutir a importancia deste Pergamiño como acaba de facer o voceiro de Marea de Vigo, resulta certamente inconcibible porque este Pergamiño é unha auténtica xoia da poesía e da música medieval, é o único documento coñecido coa canción profana da literatura galego-portuguesa medieval, e reúne sete cantigas escritas polo trobador, seguramente vigués e a iso apela a comunidade científica e datadas no século XIII. Dende o seu descubrimento casual en 1914 tivo diferente recorrido coñecido e se conserva na Morgan Library dende o ano 1977, entendemos precisamente e por iso me houbera gustado que se escoitase a nosa exposición de motivos completa, que unha obra desta magnitude debe retornar á cidade na que foi ideada e creada polo seu autor, despois dun século creo que tódolos vigueses/as, debemos de ter a lexítima aspiración de que esta peza única da cultura universal volva precisamente onde naceu, á cidade de Vigo.

Estas Cantigas de Martín Códax que non o digo eu, non o dicimos nós, son un pilar e unha referencia da cultura e da lingua galega, que moito antes da súa aparición xa pertencía á tradición oral de Vigo e de Galicia, por esa importancia cultural que ten este documento é hoxe 7 de marzo o día para iniciar o camiño da recuperación, dous días despois de que tivera abandonado a nosa cidade, que tivera finalizado a exposición. Os territorios teñen dereitos a recuperar o seu patrimonio cultural, e precisamente para abordar esta reivindicación dos nosos dereitos lexítimos o propoñemos dende unha óptica amistosa, pero cun obxectivo moi claro que é

conseguir ese retorno definitivo das Cantigas de Martín Códax á nosa cidade. Entendemos que é hoxe precisamente cando se deber iniciar este camiño, un camiño que por outra banda debo dicir que é habitual, os estados, os ministerios, as cidades, as organizacións diversas están en moitas ocasións na recuperación do legado como o que hoxe propoñemos aquí. Iniciamos un proxecto de longo percorrido, somos conscientes de que este proceso ao que pedimos a colaboración institucional durará no tempo, esa é a realidade e a asumimos, pero tamén é certo que arrancam hoxe para conseguila e que estamos seguros de que se conseguirá. Dicía anteriormente na exposición sobre a urxencia de que este goberno municipal foi absolutamente respectuoso coa exposición, apoiamos todo o que se nos pediu por parte dos organizadores que durante moito enfatizaron esa condición de organizadores, e cremos que é o momento como dicía anteriormente, pero tamén quero referirme á forma de facelo, porque a forma de facelo queremos darlle a solemnidade que a unha decisión como esta lle corresponde, este goberno municipal pol seu concepto de goberno e pola súa maioría, podería ter iniciado o procedemento doutra forma diferente, pero fomos nós precisamente o Alcalde desta cidade o que entende que unha cuestión tan importante tense que facer neste Pleno con carácter extraordinario. E esa solemnidade que entendemos que require esta cuestión a propoñemos dende mecanismos de diálogo e por iso aquí se pide expresamente que dende o goberno do Estado que é a quen lle debe de corresponder, debe de iniciar as conversacións amistosas para recuperar este Pergamiño. Pero tamén solicitamos da Xunta de Galicia a cooperación necesaria para que isto sexa posible e engadindo que dende este goberno municipal prestaremos toda a colaboración, toda a colaboración institucional da que facemos gala que practicamos non así outros. E direi algo, esta proposta que hoxe trae o Alcalde de Vigo a este Pleno extraordinario, na nosa opinión, tiña que habela feito o mes pasado o Presidente da Xunta de Galicia, como non a fixo correspóndelle ao Alcalde facela e debería tela feita o Presidente da Xunta de Galicia polo que significa o Pergamiño para Vigo, non chega solo con discursos, pero tamén o que significa para toda Galicia e tamén para toda España da que o Sr. Feijóo anda tan preocupado nas súas intervencións, por iso quixemos convocar por esa importancia este Pleno, pola importancia da decisión que queremos adoptar e que se propón por parte do Alcalde, de maneira urxente si e reiteramos a urxencia porque dous

días despois de marchar o Pergamiño é o momento de facelo e tamén o propoñemos como un Pleno extraordinario de maneira monográfica porque é evidente que debemos de tratar este tema como singular, porque o é, este non é un tema para unha moción con tódolos respectos, senón que tódolos vigueses/as deben de saber o que propoñemos, o que queremos conseguir e como o queremos conseguir e pola importancia histórica que ten o día de hoxe para a adopción deste acordo. Hai dúas datas, a de hoxe na que iniciamos este camiño pero haberá outra data na que conseguido o retorno definitivo do pergamiño todos celebraremos a chegada definitiva e a súa estancia nesta cidade. Para os que critican a convocatoria deste Pleno dicírlles, reiterando o anterior, que que mellor maneira de abordar un tema tan importante de cidade, que nun Pleno extraordinario para un tema singular como dicía antes, e quero facerme algunha pregunta en voz alta, é malo convocar un Pleno extraordinario para unha decisión desta entidade, pois precisamente nós cremos que para estas cuestións desta importancia é para o que son os Plenos extraordinarios e logo ninguén debería rasgarse as vestiduras porque os que hoxe se ausentan e os que se levantaron, sobre todo os que se ausentan, convocaron Plenos extraordinarios e este goberno sempre estivo e nunca nos levantamos nos gustase máis ou menos o tema, pero o peor de todo isto é que novamente a día de hoxe se constata a triste realidade desta cidade en canto ao comportamento dos que hoxe non están. O Partido Popular non quixo estar porque non lle gusta o tema pero basicamente e direino porque llo prohibiu o Sr. Feijóo, o que non estean sentados aquí para escoitar o que temos que dicir, para adoptar unha decisión importante para esta cidade é motivo de que recibiron a reiterada chamada de que “non tendes que estar alí” e dixeron como sempre “si, ás súas ordenes” e por iso non están.

Este goberno decidido polos cidadáns non nos ausentamos de ningún Pleno, se trate do que se trate e o noso exemplo de comportamento democrático que será ao longo do tódolos días do ano, foi moi evidente no acto de despedida do Pergamiño de Martín Códax o luns pasado, moito falou o Presidente da Xunta de Galicia da cidade de Vigo, do mar, da relación do Pergamiño Martín Códax con esta cidade, moito falou pero á vez que falaba moito e que quedaba solo en palabras, paralelamente negaba e vetaba a palabra do Alcalde de Vigo, que bo houbera sido oír o luns o discurso do Alcalde de Vigo que por certo, soen ser en calidade

bastante mellores que os de o Sr. Feijóo, pero ademais representaría o sentimento desta cidade en algo tan importante como é a recuperación do Pergamiño de Martín Códax.

Vou concluindo, o Alcalde desta cidade fai unha proposta a este Pleno, sen caer na grandilocuencia, é unha proposta histórica, é un acordo que estou convencido que en calquera outra cidade que estivera orgullosa da súa historia, do seu pasado, do seu presente e tamén do seu futuro, sería aprobado por unanimidade, ninguén nunha cidade que se sentira orgullosa non tería abandonado o Pleno e estaría aquí votando e achegando, seguro que se aplaudiría de forma unánime, pero na nosa cidade iniciamos tamén un camiño no 2007, ata o 2007 esta cidade en moitas cuestións sobre todo nas importantes era a cidade do non, era a cidade da oposición permanente o que hoxe representan sete concelleiros do Partido Popular e tres de Marea de Vigo, pero dende o 2007 melloramos infinito en que esta cidade deixe de ser a do non e melloramos en moi pouco tempo porque neste dez anos non son tanto, hoxe como comprobamos quedan algúns recalcitrantes pero a verdade é que son menos, os que aquí nos sentamos somos consecuencia do voto libre e democrático dos cidadáns e é moi significativo gardar algún número que o 63% dos representantes desta cidade aquí imos votar que si a unha proposta tan importante, pero este 63% tamén estou convencido que a porcentaxe é moi superior nos cidadáns que están na rúa, estou convencido de que moitos máis desa porcentaxe na cidade están a favor.

Polo tanto, consideramos como dicía que é un día moi importante, que o que hoxe propoñemos para a adopción de acordo terá esta data de arranque pero tamén terá outra data definitiva do seu logro. Nesta cidade temos grandes retos, hoxe se inicia un apaixonante e o día que retorne definitivamente o Pergamiño de Martín Códax será un día moi importante histórico para esta cidade.

PRESIDENCIA: Hoxe imos tomar unha decisión transcendente na cidade de Vigo, hoxe imos a someter á votación e aprobar, instar ao Ministerio de Cultura a que inicie as conversas coa Morgan Library & Museum para recuperar as Cantigas de Martín Códax, recollidas no chamado Pergamiño Vindel para que sexan adquiridas e restituídas á cidade de Vigo.

Hoxe imos a instar á Xunta de Galicia a que coopere na recuperación dunha peza

singular e irrepetible do Patrimonio cultural vigués e galego, e hoxe o Concello de Vigo vai ofrecer ao Ministerio de Cultura toda colaboración necesaria na súa xestión ante a Morgan Library & Museum.

Hoxe imos a iniciar unha senda para buscar a recuperación das Cántigas de Martín Códax para que regresen a súa cidade, para que regresen para sempre a Vigo, a cidade que séculos atrás viu nacer aquel texto, aquelas cantigas do puño de Martín Códax e hoxe tantos séculos despois, imos iniciar unha mobilización colectiva, pacífica, activa en favor dunha grande restitución cultural a esta cidade, a Galicia e a España, a volta das Cántigas de Martín Códax, Mar de Vigo, Ondas do Mar de Vigo, e iso vaino decidir a cidade de Vigo, os que queremos que regrese e é unha decisión de iniciar un camiño, unha senda na que estaremos tempo a que lle adicaremos esforzos pero que a queremos facer como se fan as restitucións das grandes pezas culturais, xuntos e con cooperación o goberno de España, a Xunta de Galicia e o goberno de Vigo. E hoxe estamos aquí os que queremos estar aquí, non están os que non queren estar, están os que miramos para esta cidade, non están os que antepoñen os seus intereses de partido aos intereses e desexos globais e reais da cidade de Vigo.

Hoxe non están os que tantas veces fallaron a esta cidade, e hoxe volven a fallar, incomprendiblemente hoxe volven a fallar. E volven a fallar porque algúns non queren entender a importancia do que hoxe está a suceder nun Pleno, máxima manifestación democrática da cidade, nunha petición, reclamación de cooperación de tres gobernos, na forma máis xenuína e lexítima de facer unha decisión desta envergadura de facer política, sen críticas a ninguén, sen censuras a ninguén, en busca de cooperación, de cooperación dende o goberno de España porque vai ser fundamental, o máximo nivel o Ministro de Cultura, ó que imos pedir que se incorpore globalmente a esta restitución, a Vigo, Galicia e a España, pero na busca tamén da máxima institución o Presidente da Xunta de Galicia para que fagamos realidade onde sexa o colectivo é tan importante, para toda Galicia, as Cántigas de Martín Códax, unha peza universal de valor cultural pero dun inmenso valor simbólico porque seguramente esta peza é a carta fundacional e creadora do galego, desa forma entender Galicia e este país, despois foi sendo ratificada e renovada por tantos autores, por tantos poetas, tanta xente que quixo facer do galego unha forma de entender o país, cultura, historia e realidade e programar

futuro. E hoxe é o que aquí estamos propoñendo, é o que algúns non queren entender porque seguramente nos procesos de avance dos países sempre hai xente, persoas, grupos políticos de visión estreita, sen capacidade, sen ambición, sen a xenerosidade de lanzar un grande proxecto e este é un grande proxecto de recuperación dunha parte clave da manifestación cultural e histórica de Galicia, por iso tiña que ser nun Pleno, por iso tiña que ser aquí, por iso se convocou un Pleno monográfico extraordinario, con urxencia, claro, porque entendemos marabillosamente ben ao ver o Pergamiño aquí a súa importancia, porque o coñecíamos, sabíámolo pero velo aquí desatou as fibras da propia sensibilidade, da propia crenza a Vigo e a Galicia, e da propia crenza ao Mar de Vigo, a Martín Códax, cantos nomes en tantas partes da cidade que falan de Mar de Vigo, que falan de Martín Códax, canta carencia, canto respecto e canta tradición e iso é o que hoxe esta cidade, esta maioría que nunca lle fallou a Vigo, que nunca lle vai fallar quere aprobar e marcharemos xuntos co Goberno de España e coa Xunta de Galicia, pode que non con esta porque as visións estreitas de algunhas institucións poden dificultar durante un tempo pero hoxe iniciamos unha senda e esa senda ten un final, o final é o regreso das Cántigas de Martín Códax, do chamado Pergamiño Vindel á cidade de Vigo; e iso é o que agora someto a votación.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos dezaseis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a proposta da Alcaldía-Presidencia presentada, en data 6.03.2018 (Rex. Nº 1720/1101), cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e trinta minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña

sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.